

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 22 de maio de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e dous de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Está tamé presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(647).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(648).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESÍDUOS DA OBRA “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DA AVDA. CLARA CAMPOAMOR PK 3+370 A PK 4+650. EXPTE. 3285/440.

Visto o informe xurídico do 22.05.15, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras, da mesma data, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Obra: "reforzo da capa de rodadura do firme da Avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 (73136-250)"

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. MARÍA FERREIRO NUÑEZ, enxeñeiro de camiños, canles e portos da empresa Ingenia Proyectos Técnicos.

Dirección facultativa: D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO, enxeñeiro de camiños.

Contratista titular do plan: Construcciones Vale S.L.

Autor do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico durante a elaboración do proxecto: MARÍA FERREIRO NUÑEZ

Autor do plan de seguridade e saúde no traballo durante a execución das obras:

María Crujeiras Garrido, da empresa Construcciones Vale S.L.

Coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra:

Maximino García Sánchez da empresa Cíes Atlántico S.L.U

Autor do plan de Xestión de Residuos de Construción e Demolición:

María Crujeiras Garrido, da empresa Construcciones Vale S.L

Visto o informe favorable do técnico titulado arriba expresado, referente ao Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

Considerase que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

O plan de xestión de residuos foi aprobado pola Dirección Facultativa de acordo co establecido no art. 5.1. do R.D. 105/2008 de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos procedentes de construción e demolición.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra de "reforzo da capa de rodadura do firme da Avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 (73136-250)", redactado por María Crujeiras Garrido e presentado, para a execución, pola empresa Construcciones Vale S.L.

O devandito plan foi informado favorablemente polo coordinador Maximino García Sánchez da empresa Cíes Atlántico S.L.U

2. *Aceptar o plan de Xestión de Residuos redactado por María Crujeiras Garrido, e presentado pola empresa adxudicataria para a execución da obra de "reforzo da capa de rodadura do firme da Avenida Clara Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 (73136-250)",*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES VALE S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(649).- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE VERÁN XOVE 2015. EXPTE. 4426/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización do 21/05/15 e xurídico do 22/05/15, dáse conta do informe-proposta do 15/05/15, da xefa do servizo de Xuventude conformado pola concelleira-delegada de área e pola concelleira de Facenda que di o seguinte:

"O Concello de Vigo, a través do seu programa Verán Xove 2015, pon en marcha os campamentos e actividades estivais, co obxecto de ofertar unha serie de actividades de ocio e tempo de lecer educativo dentro da propia cidade.

Ademais, preténdese favorecer o emprego e a participación xuvenil, así como facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e dos homes.

Tres grandes bloques de actividades compoñen a programación VeránXove2015:

I.- Campamentos urbanos (entre 4 e 17 anos)

II.- Espazos de Tempo Libre (entre 4 e 12 anos)

III.- Actividades xuvenís (entre 13 e 35 anos)

IV.- Lecer e respiro familiar para persoas con discapacidade

As actividades de Verán Xove 2015 van dirixidas á poboación infantil e xuvenil da cidade de Vigo, sendo requirimento imprescindible estar empadroado/a no Concello de Vigo.

I.- CAMPAMENTOS URBANOS

Actividades na cidade para rapaces e rapazas de Vigo e con idades comprendidas entre os 4 e os 17 anos.

I.1 Rexistro previo, solicitude, adxudicación inicial

a) Rexistro telemático previo de solicitantes.

- Co obxecto de facilitarlles e axilizarlles a inscrición nos campamentos realizarase o rexistro telemático dos datos, previamente á solicitude dos mesmos. Isto permitirá que cando se abra o prazo de solicitude só terá que escoller os campamentos.
- Prazo: a partires do 15 de maio.
- Formulario de rexistro: en www.xuventudevigo.org/veran15. Anularanse os formularios con datos incorrectos ou incompletos.
- Cubrirase un, e só un, formulario para cada neno ou nena.
- Vinculación de irmáns/ás: co obxecto de asociar os datos de irmáns/as deberase de cumprimentar en cada formulario os mesmos datos relativos ao pai ou á nai. Isto permitirá que, se así se solicita, poidan acudir ao mesmo campamento (no caso de serlle adxudicado).
- Unha vez realizado o rexistro facilitaráselle unha contrasinal que lle dará acceso a poder realizar a solicitude cando se abra o prazo e a realizar calquera das consultas e trámites telemáticos.

b) Solicitude telemática de prazas de campamentos urbanos.

- Prazo: entre o 28 de maio ás 10:00h. e o 31 de maio ás 20:00h.
- Formulario de solicitude: en www.xuventudevigo.org/veran15.
- Inscrición única: Só se poderá cubrir unha solicitude por neno ou nena. No caso de recibirse máis de unha só valerá a última, eliminándose as anteriores.
- No caso de familias con máis de un fillo ou filla deberán realizar unha solicitude para cada un deles/as. Conservarase a orde de solicitude do primeiro fillo ou filla inscrito/a.
- Actividades ou quendas escollidas: ata un máximo de 5 por orde de preferencia.
- Comprobante da solicitude: poderá obtelo ao finalizar a cobertura do formulario de inscrición. Se facilitou un enderezo de correo electrónico, enviaráselle unha confirmación de ter recibido a solicitude.

De non ter posibilidade de acceder a internet ou de necesitar axuda tanto para realizar o rexistro ou a solicitude, na Casa da Xuventude e no Punto Xove haberá persoal de apoio, varios ordenadores e unha impresora a disposición. Asegurarse de ter a man toda a documentación necesaria para cubrir ben o formulario.

c) Adxudicación inicial de prazas.

- Método de adxudicación inicial de prazas para os campamentos urbanos: por estrita orde cronolóxica de recepción de solicitudes telemáticas.
- Cada neno ou nena será asignado/a na primeira das opcións elixidas con dispoñibilidade de praza.
- No caso de irmáns/ás, se así se solicita (colocando as mesmas opcións e na mesma orde), adxudicarase o mesmo campamento tendo en conta a primeira solicitude efectuada.

- *Publicación: A partires do día 2 de xuño, ás 10:00h, en www.xuventudevigo.org/verán15 poderase consultar se foi admitido/a nalgunha das actividades solicitadas (Só haberá que introducir a contrasinal.*
- *As persoas que non obteñan praza pasarán a reservas e deberán volver solicitar praza, elixindo de novo outras 5 opcións entre as prazas dispoñibles, o día 9 de xuño.*

I.2. Formalización da inscrición, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes

a) Formalización da inscrición na praza das persoas admitidas.

- *Prazo: entre o 2 e o 4 de xuño*
- *Lugar:*
 - a) *Presencialmente: na Casa da Xuventude (López Mora, 31), en horario de 9:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:00.*
 - b) *A través da plataforma: no espazo habilitado en www.xuventudevigo.org/verán15. Non se admitirá por correo electrónico.*
- *Documentación a presentar:*
 - *A ficha de inscrición asinada polo pai, nai, titor ou titora legal (poderase descargar no www.xuventudevigo.org/verán15).*
 - *Fotocopia do DNI do pai, nai, titor ou titora legal.*
 - *Fotocopia do DNI do neno ou nena ou, no caso de non telo, fotocopia do libro de familia.*
 - *Volante de empadramento onde figure o/a neno/a.*
 - *Fotocopia da tarxeta sanitaria ou tarxeta do seguro do neno ou nena.*
 - *Unha fotografía tamaño carné do/da menor.*
 - *Xustificante de pagamento (se a actividade así o require).*

b) Adxudicación definitiva

- *Unha vez entregada toda a documentación e comprobado que os datos son correctos e o pago foi efectuado, a praza quedará asignada definitivamente.*
- *Poderá comprobalo en www.xuventudevigo.org/verán15.*

c) Exclusión de solicitudes

- *Non entregar toda a documentación requirida no prazo sinalado, falsear*
- *datos no formulario de rexistro ou non facer o correspondente pago, se a*
- *actividade así o require, provocará a exclusión automática.*

I.3 Oferta, solicitude, adxudicación e formalización da inscrición nas prazas vacantes

A esta convocatoria só terán acceso as persoas que quedaron sen praza na primeira convocatoria (reservas). Publicaranse con anterioridade as prazas vacantes dispoñibles en www.xuventudevigo.org/verán15.

- *Prazo: entre o 9 de xuño, ás 10:00h, e o 10 de xuño, ás 20:00*
- *Formulario de inscrición e resto do procedemento: ver apartado 1.1.b*
- *O procedemento para a adxudicación de prazas será o mesmo que na primeira convocatoria: ver apartado 1.1.c*

- *Publicación: A partires do día 11 de xuño, ás 10:00h, en www.xuventudevigo.org/verán15 poderase consultar se foi admitido/a nalgunha das actividades solicitadas (Só haberá que introducir a contrasinal)*
- *Formalización da inscrición: entre o 11 e o 13 de xuño, ás 13:00h. As persoas admitidas deberán presentar a documentación requirida: ver apartado 1.2.a*
- *Adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes: ver apartados 1.2.b e 1.2.c*

I.4 Resto de prazas dispoñibles

Solicitude: realizarase de forma presencial e ata cubrir as prazas dispoñibles.

- *Lugar: Casa da Xuventude, en horario de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:00.*
- *Haberá dúas quendas para destinatarios/as diferentes:*

a) Persoas sen praza en ningún dos campamentos ofertados

- *Prazo: 16 de xuño*

b) Persoas que demanden unha segunda actividade

- *Prazo: a partir do 17 de xuño ata cubrir prazas*

e) Formalización da inscrición en prazas vacantes

- *Prazo: tres días a partir da solicitude*
- *Lugar: na Casa da Xuventude*
- *Documentación (ver no apartado 1.2.a): entregar presencialmente*

f) Adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes

- *ver apartados 1.2.b e 1.2.c*

I.5 Devolución de inscrición

- *Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, a persoa interesada non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique por escrito na Casa da Xuventude, polo menos con 20 días de antelación ao inicio da actividade, e haxa motivos de forza maior debidamente acreditados.*

I.6 Información adicional

- *En cada campamento faranse diferentes grupos, tendo en conta sobre todo a idade e intereses, co obxecto de que as actividades sexan acordes a cada grupo.*
- *Os horarios dos campamentos con aula matinal e servizo friameira é o seguinte:
7:45 a 9:00h. Chegada e Aula matinal
9:00 a 14:00h. Actividades campamento
14:00 a 15:15h. Saída e servizo friameira*
- *Existe a posibilidade de almorzar na Aula matinal levando o almorzo da casa*
- *O primeiro día de campamento haberá que entregar ao monitorado a ficha cuberta cos datos das persoas que poden recoller aos nenos e nenas.*

Relación de actividades.

– CAMPAMENTO EN VIGOZOO:

–Actividades: coñecemento e observación dos animais e o seu modo de vida, enriquecemento ambiental, roteiros, planetario, astronomía, orientación, xogos, obradoiros, veladas e moito máis.

–Horario: dende as 10:00 do luns ata as 18:00 do venres. O primeiro día haberá servizo de acollida de 8:00 a 10:00h.

–Ano nacemento: 2003-2007

–Lugar: VigoZoo

–Inscripcións: web Concellería Xuventude

–Xestión da actividade: Vigozoo

Código	Datas	Prezo
Zoo Acampada 1	Do 22 ao 26 de xuño	108€
Zoo Acampada 2	Do 29 de xuño ao 3 de xullo	108€
Zoo Acampada 3	Do 6 ao 10 de xullo	108€

–INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN INGLÉS:

– Actividades: teatro (dirección, actuación, escenografía, caracterización...), fotografía (iluminación, encadre, proporcións), baile, música, deportes (baseball, rugby, bádminton, etc.), crafwork. Todo elo impartido por monitores/as nativos/as e bilingües para aprender e/ou mellorar o dominio da lingua inglesa.

–Ano nacemento: 2007-1999

–Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Atención matinal de 8:00 a 9:00h.

–Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h.

–Lugar: Instituto Municipal de Educación

–Xestión da actividade: Concellería de Xuventude

Código	Datas	Prezo
Inglés 1	Do 6 ao 17 de xullo	40€

–CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS

–Actividades: Obradoiros, xogos, deportes, música, teatro, saídas e moitas outras sorpresas.

–Ano nacemento: 2001-2007

–Horario: 8:00a 15:00h. Agás días excursión de todo o día.

–Lugar: Pavillón Central das Travesas

–Xestión da actividade: Concellería de Xuventude

Código	Datas	Prezo
Urbano 1	Do 3 ao 14 de agosto	Gratuíto

– VERÁN NO BERBÉS:

–Actividades: unha viaxe pola historia de Vigo da man de diferentes personaxes e épocas: a prehistoria, castrexa, romana, viquinga, medieval (trovadores), batalla de Rande, a Reconquista, a industria... e actividades como música, fotografía, teatro, mímica, risoterapia, deportes, saídas, festa e moitos xogos e obradoiros.

–Ano nacemento: 2003-2011

–Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h.

–Lugar: Pavillón do Berbés

–Xestión da actividade: Concellería de Xuventude

Código	Datas	Prezo
Berbés 1	Do 3 ao 14 de agosto	40€
Berbés 2	Do 17 ao 28 de agosto	40€

–VERÁN EN BOUZAS:

–*Actividades: unha viaxe pola historia de Vigo da man de diferentes personaxes e épocas: a prehistoria, castrexa, romana, viquinga, medieval (trobadores), batalla de Rande, a Reconquista, a industria... e actividades como música, fotografía, teatro, mímica, risoterapia, deportes, saídas, festa e moitos xogos e obradoiros.*

–*Ano nacemento: 2003-2011*

–*Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h.*

–*Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h.*

–*Lugar: Pavillón de Bouzas (R/ Eduardo Cabello s/n)*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

<i>Código</i>	<i>Datas</i>	<i>Prezo</i>
<i>Bouzas 1</i>	<i>Do 6 ao 17 de xullo</i>	<i>40€</i>
<i>Bouzas 2</i>	<i>Do 20 ao 31 de xullo</i>	<i>40€</i>

–**VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE**

–*Actividades: Xogos, obradoiros, deportes, festas, saídas...*

–*Ano nacemento: 2005-2011*

–*Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.*

–*Lugar: Casa da Xuventude*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

<i>Código</i>	<i>Datas</i>	<i>Prezo</i>
<i>Casa Xuventude 1</i>	<i>Do 6 ao 17 de xullo</i>	<i>Gratuíto</i>
<i>Casa Xuventude 2</i>	<i>Do 20 ao 31 de xullo</i>	<i>Gratuíto</i>

– **VERÁN NO CASTRO:**

–*Actividades: Xogos de auga. Gran xogo da oca. Música e acción. Somos chef. Estrelas de cine. Pintura creativa. Rastrexo fotográfico. Festa.*

–*Ano nacemento: 2003-2011*

–*Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h*

–*Lugar: Monte de O Castro*

<i>Código</i>	<i>Datas</i>	<i>Prezo</i>
<i>Castro 1</i>	<i>Do 22 de xuño ao 3 de xullo</i>	<i>40€</i>
<i>Castro 2</i>	<i>Do 6 ao 17 de xullo</i>	<i>40€</i>

–**VERÁN EN COIA**

–*Actividades: Xogos, obradoiros, deportes, festas, saídas...*

–*Ano nacemento: 2005-2011*

–*Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.*

–*Lugar: Pavillón de Coia*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

<i>Código</i>	<i>Datas</i>	<i>Prezo</i>
<i>Coia 1</i>	<i>Do 6 ao 17 de xullo</i>	<i>Gratuíto</i>
<i>Coia 2</i>	<i>Do 20 ao 31 de xullo</i>	<i>Gratuíto</i>

–**VERÁN EN GOLETA**

–*Actividades: Navegación a bordo dunha goleta, visitas e excursións (Estreito de Rande, enseada de San Simón, Illas Cíes, redeiras de Cangas, unha batea...), xornada mariñeira, obradoiros...*

–*Año nacemento: 2001-2007*

–*Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h.*

–*Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.*

–*Lugar: Porto Deportivo Marina Davila Sport*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

Código	Datas	Prezo
Goleta 1	Do 22 ao 26 de xuño	30€
Goleta 2	Do 29 de xuño ao 3 de xullo	30€
Goleta 3	Do 6 ao 10 de xullo	30€
Goleta 4	Do 20 ao 24 de xullo	30€
Goleta 5	Do 27 ao 31 de xullo	30€

–*VERÁN MARIÑEIRO:*

–*Actividades: Actividades de navegación en piraguas e en embarcacións tradicionais no entorno das praias de Bouzas e Alcabre; baño, xogos e comida na praia; aspectos de cultura marítima e visita guiada ao Museo do Mar*

–*Año nacemento: 2002-2008*

–*Horario: 9:00 a 18:00h, de luns a venres (Levar comida da casa). As actividades do campamento realizaranse a partires das 10:00h.*

–*Lugar: A.V. Bouzas*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

Código	Datas	Prezo
Mariñeiro 1	Do 6 ao 10 de xullo	40€
Mariñeiro 2	Do 13 ao 17 de xullo	40€

– *VERÁN MÁXICO EN VIGO:*

–*Actividades: Nenas e nenos descubrirán o mundo máximo do circo, o teatro, a arquitectura, fotografía, cómic, graffitis, ilusionismo, papiroflexia, danza, robótica a través de actividades lúdico-deportivas, xogos, obradoiros, aventuras, expresión corporal, pequearobic, danzaterapia, arteterapia, pequeioga e outras actividades que permitan coñecer, aprender a xogar cos diferentes mundos máxicos, estimulando o desenvolvemento creativo e artístico dunha forma divertida e innovadora .*

–*Año nacemento: 2005-2011*

–*Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h*

–*Lugar: CEP Doutor Fleming*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

Código	Datas	Prezo
Máxico1	Do 6 ao 17 de xullo	40€
Máxico2	Do 20 ao 31 de xullo	40€

– *VERÁN NÁUTICO EN BOUZAS:*

–*Actividades: náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e terrestres (grandes xogos, saídas culturais, obradoiros...).*

–*Año nacemento: 1998-2007*

–*Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h*

–*Lugar: Liceo Marítimo de Bouzas*

-Xestión da actividade: *Concellería de Xuventude*

Código	Datas	Prezo
NÁUTICO BOUZAS 1	Do 3 ao 7 de agosto	30€
NÁUTICO BOUZAS 2	Do 10 ao 14 de agosto	30€

- VERÁN NÁUTICO NA ETEA:

-Actividades: náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e terrestres (grandes xogos, saídas culturais, obradoiros...).

-Ano nacemento: 1998-2007

-Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

-Lugar: ETEA

-Xestión da actividade: *Concellería de Xuventude*

Código	Datas	Prezo
ETEA 1	Do 1 ao 15 de xullo	44€
ETEA 2	Do 16 ao 31 de xullo	48€

- VERÁN EN SAMIL:

-Actividades: este verán nenos e nenas converteranse en piratas e vivirán unha experiencia inesquecible con moitos xogos, diferentes competicións, practicando deportes, "invadindo" a piscina, "tomando" a praia, contando historias de illas perdidas e realizando aventuras e actividades ao aire libre.

-Ano nacemento: 2003-2011

-Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

-Lugar: *Complexo Deportivo de Samil*

-Xestión da actividade: *Concellería de Xuventude*

Código	Datas	Prezo
Samil 1	Do 6 ao 17 de xullo	40€
Samil 2	Do 20 ao 31 de xullo	40€
Samil 3	Do 3 ao 14 de agosto	40€
Samil 4	Do 17 ao 28 de agosto	40€

- VERÁN EN VIGOSÓNICO:

-Actividades: obradoiros de ritmo. Expresión corporal. Obradoiros musicais. Fabricación de instrumentos. A miña primeira gravación. Artes plásticas. Xogos e xincanas. Deportes ao aire libre. Proxeccións e audicións. Karaoke.

-Ano nacemento: 2003-2011

-Horario: 8:00 a 15:00h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

-Lugar: *VigoSónico*

-Xestión da actividade: *Concellería de Xuventude*

Código	Datas	Prezo
VigoSónico 1	Do 1 ao 15 de xullo (11 días)	44€
VigoSónico 3	Do 16 ao 31 de xullo (12 días)	48€

- CAMPUS POLIDEPORTIVO XVI:

-Data: do 22 ao 26 de xuño.

-Idades: 8 a 14 anos

-Horario: 9:00 a 18:00h.

-Lugar: *Complexo Deportivo As Travesas*

–*Actividades: Práctica dos deportes habituais (baloncesto, balonmán, voleibol fútbol sala, hóckey a patíns, piscina...) e excursión ás Illas Cíes.*

–*Inscricións: a partires de xuño, ata completar prazas, nas instalacións da Fundación VIDE.*

–*Prezo: 70€ (inclúe xantar e seguro).*

–*Máis información e xestión: www.vide.es*

– *XV TORNEO INTERNACIONAL DE FÚTBOL BASE “VIGOCUP 2015”:*

–*Data: do 29 de xuño ao 5 de xullo.*

–*Idades: 5 a 16 anos*

–*Horario: 9:00 a 21:00h.*

–*Lugar: Campos de fútbol da cidade de Vigo*

–*Inscricións: por equipos ata o 29 de maio*

–*Prezo: 30€ (sub7 + sub8) e 90€ (o resto)*

–*Máis información e xestión: www.vide.es*

I. ESPAZOS DE TEMPO LIBRE

Espazos onde empregar o tempo de lecer realizando obradoiros, xogando, creando... e, sobre todo, divertíndose con amigos e amigas. Están dirixidos ao público infantil (ver idades para cada un dos espazos).

Inscricións: presencialmente no espazo elixido e ata cubrir prazas (ver enderezos e horarios de cada un dos espazos).

– *NA CASA DA XUVENTUDE:*

–*Datas: ata o 3 de xullo e a partires do 1 de setembro*

–*Idade: 4 a 12 anos*

–*Horario: De luns a venres (16:30-20:30h.). En período de vacacións escolares, de 8:00 a 16:00h.*

–*Lugar: Casa da Xuventude. R/ López Mora, 31 - Baixo*

–*Prezo: gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*

–*Inscricións: no propio espazo*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

– *NO PAVILLÓN DE DEPORTES DE COIA:*

–*Datas: ata o 3 de xullo e a partires do 1 de setembro*

–*Idade: 4 a 12 anos*

–*Horario: de luns a venres (16:30-20:30h.). En período de vacacións escolares, de 8:00 a 16:00h.*

–*Lugar: Pavillón de Coia. Avda. Castelao s/n*

–*Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*

–*Inscricións: no propio espazo*

–*Xestión da actividade: Concellería de Xuventude*

– *NO CALVARIO:*

–*Datas: xuño e xullo*

–*Idade: 4 a 10 anos*

–*Horario: De luns a venres de 17:00-20:00h. No mes de xullo, de 9:30 a 13:30.*

Só poderán asistir 2 días á semana e por orde de entrada ata cubrir cota.

–*Lugar: R/ Sagunto, 86*

–*Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)*

–Inscripcións: na propia ludoteca
–Xestión da actividade: APAM

– EN CORUXO:

–Dadas: xuño e xullo
–Idade: 6 a 12 anos
–Horario: De luns a venres (16:00-20:00h.). A partir do 22 de xuño, de 9:30 a 13:30h
–Lugar: CEIP A Paz-Tintureira (Estrada Fragoselo,42 - Coruxo)
–Prezo: 5€/mes
–Inscripcións: na propia ludoteca
–Xestión da actividade: CRAC de Coruxo

– EN LAVADORES:

–Dadas: xuño e xullo
–Idade: 6 a 12 anos
–Horario: De luns a venres de 16:30-20:30h. A partir do 22 de xuño, de 9:30 a 13:00h
–Lugar: A.V. Lavadores. R/ Ramón Nieto, 302
–Prezo: Gratuíto, agás excursións (con inscrición específica previa)
–Inscripcións: na propia ludoteca.
–Xestión da Actividade: AVCD Lavadores

– NO CLUB DE AMIGOS E AMIGAS DE VIGOZOO:

–Dadas: do 6 de xullo ao 4 de setembro (agás o 17 de agosto)
–Año nacemento: 2003 a 2009
–Horario: De luns a venres de 10:00-14:00h. Posibilidade de atención matinal de 8:00 a 10:00h. e/ou de recollida de 14:00 a 15:00. Poderán levar comida da casa ou comer na cafetería, aboando o menú correspondente.
–Lugar: VigoZoo
–Prezo: quendas de 5 días: 20€/semana.
Quenda do 18 ao 21 de agosto: 16€
–Inscripcións: Telefónica no 986267783, a partires do 1 de xuño, de luns a venres (agás festivos) de 10:00 a 20:00h.
–Xestión da actividade: VigoZoo.

– NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO (CMD):

–Dadas: do 3 ao 28 de agosto
–Idade: de 3 a 13 anos
–Horario: 10:00 a 13 H.
–Lugar: Teis, Coruxo, Casco Vello , Saiáns e a Miñooca
–Prezo: Gratuíto
–Inscripcións e información: no 010 ou 986810260
–Xestión actividade: Participación Cidadá

–OBRADOIROS DE VERÁN NO PAVILLÓN DE NAVIA

–Dadas:do 29 de xuño ao 10 de xullo
–Idade: 3 a 13 anos
–Horario:de luns a venres de 10:00 a 13:00h
–Prezo: Gratuíto
–Inscripcións e información: no 010 ou 986810260
–Xestión actividade:Participación Cidadá

III. ACTIVIDADES XUVENÍS

Actividades desenvolvidas e dirixidas por e para o público xuvenil (13 a 35 anos).

Haberá algunhas actividades que precisen inscrición previa por motivos de organización. Esta información, xunto coa programación específica de cada espazo, estará dispoñible na web da Concellería de Xuventude do Concello de Vigo coa antelación suficiente.

–VIGOSÓNICO:

–Horario: Martes a domingo de 16:00 a 22:00h.

–Lugar: Estrada do Portal s/n. Parque Tecnolóxico de Valadares

–Idades: De 13 a 35 anos

–Actividades: Acceso a internet, wifi, cursos, xogos, obradoiros, fútbolín, tenis de mesa, actividades deportivas, ensaios musicais, concertos...

–Prezo: Gratuíto.

–PUNTO XOVE:

–Horario: Luns a venres de 9:30 a 14:00h. e de 16:30 a 20:30h. Sábado de 10:30 a 13:30h (agás nos meses de xullo e agosto)

–Lugar: López de Neira, 27

–Idades: De 13 a 35 anos

–Actividades: internet, wifi, obradoiros, información xuvenil

–Prezo: Gratuíto.

–CASA DA XUVENTUDE:

–Horario: Luns a venres de 9:00 a 14:00h. e de 16:30 a 20:30h. Sábado de 10:30 a 13:30h (agás nos meses de xullo e agosto)

–Lugar: López Mora, 31

–Idades: De 13 a 35 anos

–Actividades: internet, wifi, obradoiros, información xuvenil, espazos para quedar (fútbolín, dardos, Play Station3...), sala de exposicións...

–Prezo: Gratuíto.

–XORNADAS “AS PORTAS DO HADES”

–Dadas: Do 17 ao 19 de xullo

–Actividades: xogos e torneos de rol, cartas, estratexia e xogos de mesa

–Lugar: Pavillón Deportivo das Travesas

–Organiza: Asociación Xuvenil Cancerbero

IV LECER E RESPIRO FAMILIAR

Dirixido a: persoas con discapacidade

–Dadas: Mes de xullo e agosto

–Idades: 6 a 65 anos

–Lugar: Museo do Verbum e Centro San Francisco

–Inscricións: Rexistro Xeral do Concello

–Máis Información: 010 e www.vigo.org

CONTACTOS DE INTERESE

Casa da Xuventude:

R/ López Mora, 31 – 36206 Vigo.

Tlf.: 986 294 806

Web: www.xuventudevigo.org

Correo-e: xuventude@vigo.org

Horario: de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30h.

Punto Xove:

R/ López de Neira, 27 – 36202 Vigo

Tlf. 986 223 004

Correo-e: puntoxove@vigo.org

Horario: de luns a venres de 9:30 a 14:00 e de 16:30 a 20:30h.

VigoSónico:

Estrada do Portal s/n. Parque Tecnolóxico de Valadares

Correo e: vigozonico@vigo.org

Tlf. 986 475 403

Horario: de martes a domingo de 16:00 a 22:00h.

VigoZoo:

Praza dos Leóns s/n. Madroa - Teis

Correo e: vigozoo@vigo.org

Tlf. 986 26 77 83/84

Espazos de Tempo Libre:

•**Casa da Xuventude:** R/ López Mora, 31. Tlf. 986 294 806

•**Coia:** Pavillón Municipal Deportes de Coia. Avda. Castelao, s/n. Tlf. 986 242 737

•**Calvario:** R/ Sagunto, 86 .Tlf. 986 261 098

•**Lavadores:** A.V. Lavadores. R/ Ramón Nieto, 302. Tlf. 986 379 618 ou 652 146 403

•**Coruxo:** CEIP A Paz-Tintureira (Estrada Fragoselo, 42 – Coruxo)

•**VigoZoo:** Praza dos Leóns s/n. Madroa – Teis Tlf. 986 26 77 83/84

Outros enderezos:

•Pavillón Polideportivo Bouzas: Rúa Eduardo Cabello s/n

•Pavillón Polideportivo Berbés: Rúa Gaiteiro Ricardo Portela, 1

•Pavillón Central das Travesas: Avda. Castrelos, 1

•Complexo Deportivo Samil: Avda. Samil s/n

•CEP Doutor Fleming: Rúa Ourense, 15

•ETEA: Avda. Marina Española

•A.V. Bouzas: Rúa do Pazo, 2

•Porto Deportivo Marina Davila Sport: Peirao de reparacións de Bouzas

•Instituto Municipal de Educación (IME): Camiño Chouzo, 2

•Liceo Marítimo de Bouzas

INFORME

Segundo o programa anteriormente exposto, para os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, está previsto que dende o Concello de Vigo se oferten un total de 15.386 en prazas de campamentos urbanos, actividades deportivas e actividades de dinamización infantil-xuvenil para os rapaces e rapazas de idades comprendidas entre 4 e 18 anos. O orzamento da actividade a desenvolver dende a Concellería de Xuventude ascende a un total de 102.141 euros, que deberán ser consignados con cargo á partida 3370 2279912 ou á bolsa de vinculación do orzamento de Xuventude. A organización municipal da actividade de Campamentos de Verán Xove 2015, non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os/as participantes, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos no fomento do interese e participación máis activa, no desenvolvemento da actividade educativa, habida conta do incremento do custe que supón á atención profesional nun horario extenso. Tendo en conta o exposto, e considerando un asistencia aproximada de 891 nenos e nenas en campamentos con cota, resultan uns ingresos dos/as usuarios/as que ascenden a 60.216 €.

Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o programa, serán tramitados os correspondentes contratos menores para cada unha das actividades que así o requiran, desagregando os importes correspondentes aos gastos de persoal, seguros e materiais en cada un deles. En canto ao nº de prazas, os orzamentos, a achega municipal, a % de subvención municipal, así como a achega das familias detállase na seguinte táboa:

CASA XUVENTU	Actividades	Duración	Idades	Quendas	Prazas/Quenda	Total Prazas	Custo/praza	Orzamento Tot	Precio/praza	% subvención	Total ingresos
VERÁN NAÚTICO ETEA	Náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e Terrestres (xogos, saídas culturais, obradoiros...)	1-15xullo (11días)	8-17 anos	1	50	50	110	5500	44	60	2200
VERÁN NAÚTICO ETEA	Náuticas (vela lixeira, deportes de arrastre, kaiak...) e Terrestres (xogos, saídas culturais, obradoiros...)	16-31 xullo (12días)	8-17 anos	1	50	50	110	5500	48	56,364	2400
VERÁN NAÚTICO BOUZAS	Vela lixeira+Padel Board	3-7agosto 10-14agosto (5días)	8-17 anos	2	45	90	62	5580	30	51,613	2700
VERÁN EN GOLETA	Navegación+Visitas (Rande, S.Simón, Cíes, Cangas)+Obradoiros mariñeiros	22-26xuño 29xuño-3xullo 6-10xullo 20-24 xullo 27-31xullo (5días)	8-14anos	5	30	150	60	9000	30	50	4500
INMERSIÓN LINGÜÍSTICA EN Inglés	Inglés: Teatro, Fotografía, Baile, Deporte, Crafwork	6-17xullo	8-16anos	1	45	45	75	3375	40	46,667	1800
VERÁN NO CASTRO	Gran xogo da Oca,xogos de auga, música e accións. Somos Chef	22 de xuño- 3 xullo e 6- 17 xullo	4-12anos	2	30	60	69	4140	40	42,029	2400
VERÁN NO BERBÉS	Xogos, obradoiros, música, mímica, fotografía, festa, creatividade, rastrexos, saídas	3-14agosto 17-28agosto (10días)	4-12anos	2	50	100	75	7500	40	46,667	4000
VERÁN EN BOUZAS	Xogos, obradoiros, música, mímica, fotografía, festa, creatividade, rastrexos, saídas	6-17xullo 20-31xullo (10días)	4-12anos	2	52	104	75	7800	40	46,667	4160
VERÁN EN COIA	Xogos, obradoiros, deportes,festas, saídas	6-17xullo 20-31xullo	4-10 anos	2	50	100	0	0	0		0
VERÁN NA CASA XU	Xogos, obradoiros, deportes,festas, saídas	6-17xullo 20-31xullo	4-10 anos	2	50	100	0	0	0		0
VERÁN EN SAMIL	Piscina, xogos, xincanas, actividades en inglés, obradoiros	6-17xullo 20-31xullo 3-14agosto, 17-28 agosto	4-12anos	4	45	180	75	13500	40	46,667	7200
VERÁN EN VIGOSÓ	Obradoiros de ritmo, expresión corporal, obradoiros musicais,fabricación de instrumentos,xogos,xincanas,etc	1-15xullo (11días)	4-12anos	1	45	45	75	3375	44	41,333	1980
VERÁN EN VIGOSÓ	Obradoiros de ritmo, expresión corporal, obradoiros musicais,fabricación de instrumentos,xogos,xincanas,etc	16-31 xullo	4-12anos	1	45	45	75	3375	48	36	2160
VERÁN MÁXICO EN	circo, o teatro, a arquitectura, fotografía, cómic, graffitis, ilusionismo, papiroflexia, danza, robótica a través de actividades lúdico-deportivas, xogos, obradoiros, aventuras, expresión corporal, pequearobic,	6-17 xullo 20-31 xullo	4-10anos	2	40	80	75	6000	40	46,667	3200
VERÁN MARIÑEIRO	Piraguas+Embarcacións Tradicionais +Cultura Marítima+Xogos+Baños e Comida na praia	6-10xullo 13-17xullo (5días)	7-13anos	2	30	60	66,6	3996	40	39,94	2400
CAMPAMENTO EN VIGOZOO	Coñecemento e observación dos animais e o seu modo de vida, enriquecemento ambiental, roteiros, planetario, astronomía, orientación, xogos, obradoiros, veladas e moito máis	22-26xuño 29xuño-3xullo 6-10xullo (5días)	8-12 anos	3	59	177	0	108			19116
CLUBE DE AMIGOS VIGOZOO		6-10 xullo 13-17xullo 20-24 xullo 27-31xullo 3-7agosto 10-14agosto 18-21agosto 24-28agosto 31agost-4set	4-12anos	9	50	450	0				0
EN TODOS CAMPAMENTOS	Actividades lúdicas con cans de apoio	Mes de xullo	6-12anos	9			10500				0
CAMPUS POLIDEPORTIVO	Actividades deportivas e excursión Illas Cíes	22-26 xuño	8-14anos			200	0				0
Obradoiros Navia	Obradoiros	29 xuño-10 xullo	3-13 anos	1	50	50					
Obradoiros CMD	Obradoiros	3-7 de agosto 10-14 agosto 17-21 agosto 24-28 agosto	3-13 anos	4	50	200					
VIGO CUP	Deportes	29 xuño-5 xullo	5-16 anos			2700					0
CAMPAMENTO URB	Xogos,deportes,excursións,animacións	3 ao 14 de Agosto	8-14anos	1	450	450	13000				0
	TOTAL PRAZAS CAMPAMENTOS					5486		102141 *			60216
DINAMIZACIÓN INFAN	C X, Coia, Lavadores, Coruxo, APAM	xuño, xullo	4-12anos	25	230	5750	0				
DINAMIZACIÓN XUVE	cx P unto Xove, Vigosónico	xuño, xullo	13-35 anos			4150	0				
	TOTAL PRAZAS DINAMIZACIÓN					9900					

* O orzamento total deste programa está calculado en base ás diferentes ofertas presentadas e que serán motivo con posterioridade de diversos contratos menores. Os gastos que inclúen cada unha das actividades son os relativos a: persoal, compra e aluguer de materiais, transporte e

seguros. Ditos gastos serán desagregados en cada un dos contratos menores que con posterioridade se realicen.

Ante a imposibilidade por parte deste departamento de xestionar as cotas das familias en base ao nivel de renda; optouse por establecer unha porcentaxe de subvención municipal por cada actividade, igual para todas as familias solicitantes. Dita porcentaxe está calculada en base ao prezo por praza de cada actividade e aos días de duración das mesmas. A cota a abonar polas familias non supera en ningún caso o custo da actividade.

Por todo elo, e en base ao anteriormente exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.-” Aprobado o programa de Actividades de Verán Xove 2015, redactado polo Servizo de Xuventude en data 14 de maio de 2015, que recolle un total de 15.386 prazas en campamentos urbanos, actividades deportivas e actividades de dinamización infantil-xuvenil na cidade.

O orzamento total das actividades organizadas dende a Concellería de Xuventude ascende a 102.141 euros, que deberán ser consignados con cargo á partida 3370 2279912 do orzamento de Xuventude e a súas bolsas de vinculación, sen que a utilización das outras partidas da bolsa de vinculación afecten ao normal funcionamento do servizo. Os ingresos procedentes das familias cuxos fillos e fillas participan no programa ascenden a un total de 60.216 €, non superando en ningún momento o custo da actividade. A achega municipal ao programa ascende a un 41,04% do importe total, sendo así o custo para o Concello de Vigo de 41.925 €.

Segundo.- Aprobado o prezo que debe achegar cada participante de conformidade co informe anteriormente exposto”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.